



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FERROL

Intervención

Aprobación definitiva da modificación do Anexo de subvencións nominativas para o exercicio económico 2022

EDICTO

Aprobación definitiva da modificación do Anexo de subvencións nominativas para o exercicio económico 2022

O Pleno da Corporación, na sesión celebrada o día 29 de setembro de 2022, aprobou inicialmente a modificación do Anexo de subvencións nominativas para o exercicio económico 2022, substituíndo os obxectos previstos para as entidades que seguen, que quedará redactado de acordo co seguinte:

3) Concellería de Benestar

ENTIDADE	DESCRIPCIÓN	IMPORTE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA
SECRETARIADO GITANO G83117374	Desenvolvemento do programa PROMOCIONA +. Programa de atención a alumnado en estudos Postobrigatorios	5.000,00	04001 2318 48000

6) Concellería de Deportes:

Entidade	Proxecto	Importe	Aplicación orzamentaria
Club Rugby Ferrol G70176227	Participación do seu equipo senior na Liga Autonómica Galega, LGR1	40.000,00	05004 3411 48000
Club Ciclista Ferrol G15115652	XXIV Marcha ciclista Ferrolterra e o 9º Trofeo BTT-XCO Cidade de Ferrol	4.000,00	05004 3411 48000
Club Deportivo Esquio G15238678	Master class ximnasia rítmica e danza 2022	5.500,00	05004 3411 48000

Transcorrido o prazo de exposición pública do acordo provisional, publicado no BOP nº 194 do xoves, 13 de outubro de 2022, non se presentou ningunha reclamación (tal e como consta no certificado da Secretaría Xeral de data 08/11/2022) elevándose, por tanto, a definitivo o acordo provisional, de conformidade co disposto no art. 169 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Contra este acordo, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, que comenzarán a contar ó día seguinte ao da publicación do presente anuncio, tal como dispón o artigo 10 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que se considere oportuno.

A presente modificación entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia, segundo o disposto no artigo 20 do RD 500/99, do 20 de abril e no artigo 169 do RDL 2/2004, do 5 de marzo.

Ferrol, 10 de outubro de 2022

A Concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e EDUSI

María Teresa Deus Trasobares

2022/7130